



Genara:

- *Pero despois hai cincuenta mil, que aínda hai unha de María de Andrea. Que decía, como decía, oh...*

... que tiña  
taller modistas e bare  
e a maestra de todas  
é unha moza solteira  
é unha muller honrada  
mentres non hai quen a queira.

- *Aínda tiña máis que despois aínda lle armaron outra tamén a meu pai. Que decían:*

e o da casa máh ghrande  
non tén por que s'alabar  
porqu'a casa non é del  
tén a renda por pagar.

Estrela:

2264a

Heiche de contar un conto  
de vintacinco mentiras  
polo mar andan as lebres  
e polo mont'as anguías.

319d

Anda vira vira e volv'a virar  
as voltas no aire son malas de dar  
son malas de dar son malas de dar  
anda vira vira e volv'a virar.

2088

Teño unha camisa nova  
que non a ihai coma ela  
anduveron nove meses  
sete costureiras nela.

320b

Anda vira vira tamén viro eu  
teu pai é meu soghro teu amor son eu  
teu amor son eu no'o has de neghar  
anda vira vira e volv'a virar.



112a

Dadem'un vaso de viño  
para limpá-la gharghanta  
verés como canta a rula  
verés com'a rula canta.

A Beo non vou  
que dormen no chan  
despertan os mozos  
ás tres da mañán.

145a

Aghora non canto máis  
que se m'acabou a ghracia  
de la poquita que tengo  
la llevo para mi casa.

1067b

Non quero vaia  
non quero vaia  
non quero que me póña-  
la man á saia  
a man á saia  
que son casada  
que se fora sulteira  
tanto me daba.

749b

Dáme do teu pan casada  
do que dás ó teu marido  
o meu marido vai fóra  
leva las llaves consigho.